

• 0 que menos consume, menos paga.

Establécese unha cota pola dispoñibilidade do servizo de subministración de auga potable doméstica e comercial de 3€ ao mes (9€ trimestre).

A tarifa baséase nun tramo progresivo, tarifando cada un deles en función do consumo ao que corresponda.

Establécense 5 tramos:

- De 0 a 10 metros cúbicos - 0,11€/m³
- De 11 a 30 metros cúbicos - 0,18€/m³
- De 31 a 60 metros cúbicos - 0,60€/m³
- De 61 a 100 metros cúbicos - 0,90€/m³
- Máis de 101 metros cúbicos - 1,10€/m³

(1 metro cúbico = 1.000 litros)

• Sistema que premia o aforro de auga.

Exemplos prácticos.

A auga é un ben que temos que poñer en valor. Este sistema premia o aforro e sanciona o consumo excesivo.

Cun consumo moderado de **15 metros cúbicos** (15.000 litros) co sistema anterior pagaría **11,40€**. Co novo sistema pagará cada 3 meses:

- 9€ de cota: de dispoñibilidade trimestral
- + 1,1€ polos 10 primeiros m³ consumidos
- + 0,90€ polos 5 seguintes m³ consumidos

TOTAL: 11€

Cun consumo doméstico elevado de auga, de **40 metros cúbicos** (40.000 litros), co sistema anterior pagaba **18,38€**, mentres que coa nova tarifa pagará **19,70€** cada 3 meses. Pero, de aforrar só **3 metros cúbicos** (3.000 litros) xa pagará menos que o pasado ano: **17,90€** cada 3 meses.

Ademais, no caso de que se trate dunha **familia numerosa**, terá unha **bonificación do 50%** na cota de dispoñibilidade.

Comunidades de veciños con auga quente comunitaria: Terase en conta o número de vivendas, co que verán considerablemente reducida a súa factura.



Concello de Lugo

Coa colaboración de:



Guía da auga

Paga só o que gastas

Nova tarifa da auga doméstica e comercial

Coa colaboración de:



Concello de Lugo

• Nova tarifa da auga doméstica e comercial.

O sistema de cobro do recibo da auga cambia a partir do **1 de xaneiro de 2010**. Pásase a un novo sistema no que **SE COBRARÁ SEGUNDO O CONSUMO REAL**.

O recibo seguirá a ser **trimestral**, polo que o primeiro recibo con este sistema será o de abril, correspondente ao primeiro trimestre de 2010.

O servizo de rede de sumidoiros tamén se cobrará en función do consumo real.

• Auga de calidade.

Coas obras realizadas polo Concello nos últimos anos no sistema de abastecemento, e coa nova potabilizadora da cidade, **LUGO CONTARÁ CON AUGA DA MÁXIMA CALIDADE**.

Isto permitirá aumentar o aforro das familias lucenses xa que **1.000 litros de auga potable** custan **0,11€** mentres que só **1,5 litros de auga embotellada**, custan **0,43€**.

Paga só o que gastas



Concello de Lugo

• Aforra auga

Consumir auga de forma eficiente é moito máis doado do que imaxinas. Seguindo algúns consellos podes **aforrar unha enorme cantidade de auga**.

Na cociña.

- Instala nas billas dispositivos economizadores de auga. Aforrarás ata un 50% do consumo habitual.
- Repara as billas. Evita que goteen. Aforrarás 200 litros de auga ao día.
- Pecha a billa sempre que non a uses. Aforrarás 12 litros de auga ao minuto.
- Merca electrodomésticos ecolóxicos e utilízalos sempre coa carga completa. Aforrarás un 40% máis de auga por lavado.
- Utiliza a auga sobrante das xerras das comidas e de lavar as verduras para regar as plantas.
- Desconxela os alimentos no frigorífico.

Nos aseos.

- Pecha a billa mentres enxaboas as mans, afeitas ou lavas os dentes. Aforrarás 12 litros de auga ao minuto.
- Enche moderadamente o lavabo ao asearte e non deixes correr a auga. Aforrarás 12 litros de auga ao minuto.
- Instala nas billas dispositivos economizadores de auga. Aforrarás ata un 50% do consumo habitual.
- Dúchate en lugar de bañarte. Aforrarás 200 litros de auga ao día.
- Pecha a billa mentres te enxaboas. Aforrarás 12 litros de auga ao minuto.
- Instala cisternas de dobre descarga e de 6 litros de capacidade. E non uses o inodoro como cubo do lixo. Aforrarás de 6 a 12 litros de auga cada vez que baleires a cisterna.

Comunidades de veciños.

Zonas verdes.

- Escolle plantas autóctonas, só precisarás unha pequena achega de auga nos meses cálidos.
- Utiliza plantas tapizantes ou cobertoras que protexen o chan da insolación e a escorrentía.
- Instala sistemas de rego por goteo e usa un circuíto de auga recirculada para fontes e estanques.
- Agrupa as plantas segundo o seu consumo de auga para facilitar a economía do sistema de rego.
- Aproveita a auga de chuvia: Coloca buracos na base das árbores e evita as escorrentías.
- Non regues nas horas centrais do día.

Auga de comunidade

- Realiza mantementos periódicos para comprobar fugas e illa as tubaxes de auga quente para lavabos ou duchas.

Piscina

- Cubre a piscina nos meses que non se utiliza sen baleirala e conecta a depuración cada 10 días para manter a auga varios anos.
- Instala un sistema de depuración de circuíto pechado.

Recomendacións

